

Nezaket

Por que utilizas un proceso performativo como medio habitual de expresión?

—Se o comparamos cos medios tradicionais como pintura, escultura ou fotografía, a performance constitúe a mellor opción para te comunicar co público e expresar a imaxe sensible da vida. Como ningunha outra disciplina, a performance traballa co momento e expresa os sentimentos internos e os comportamentos ante as cousas. A performance é arte-tempo real. Utilízoa porque creo que é o mellor xeito de loitar contra o inexorable transcórrexer do tempo no mundo e a través dela, intento transformar a velocidade do mundo moderno nunha imaxe, unha simple imaxe que pode atrapar a esencia do ser humano, deter a velocidade imparabile do mundo.

Cales son as preocupacións fundamentais no teu traballo?

—O meu maior obxectivo é ofrecerlle ao espectador novas perspectivas na súa propia concepción do mundo, lograr un cambio e a intensidade é o maior impulso. Neste sentido, traballar co corpo é importante porque este é algo vivo, un vehículo expresivo que constrúe significado.

Dáme un mínimo de seis adxectivos que —segundo o teu criterio— definan o que é arte para vós.

Bela, provocadora, lúdica, radical, directa, vulnerable, comprometida, mediadora.